

O DISCURSO A CORUÑA / LA CORUÑA: A POLÍTICA LINGÜÍSTICA E OS LÍMITES DO CONSENSO

Francisco Martínez Hidalgo

*Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Ciencia Política e da Administración*

Este artigo analiza o discurso dos actores políticos referido á normalización lingüística do galego, en xeral, e ao caso da forma toponímica da cidade da Coruña, en particular. A hipótese é que existe un discurso hexemónico que considera o marco lexislativo vixente como o teito para o deseño das políticas. Igualmente, considérase a existencia dunha regra da unanimidade que serve de peche ao discurso hexemónico. Por outra banda, analízase o discurso alternativo, representado polo socialismo local coruñés, así como a súa estratexia de cara a dislocar o discurso hexemónico. Enmárcase o estudo no último momento deste discurso: xurdido con motivo da aprobación da Lei de Grandes Cidades.

Palabras chave: discurso hexemónico, normalización, lingua, lexislación, unanimidade

This article analyzes the speech of the political actors referred the linguistic normalization of Galician language, in general, and to the case of the toponymical form of the city of Corunna, in individual. The hypothesis is that a hegemonic speech exists that considers legislative the frame effective as the ceiling for the design of the policies. Also, the existence of a rule of the unanimity is considered that serves as closing the hegemonic speech. On the other hand, the alternative speech, represented by the local socialism, as well as its strategy facing dislocating the hegemonic speech is analyzed. The study frames moment of this speech in the last: arisen in the occasion of the approval from the Law of Great Cities.

Keywords: hegemonic speech, normalization, language, legislation, unanimity

INTRODUCCIÓN

Existen discursos que, como o Guadiana, aparecen e desaparecen dos medios de comunicación. As razóns disto son variadas pero, con todo, cada vez que un discurso se reactiva, os actores teñen unha nova

ocasión de volver negocia-los límites do estado de cousas e, quizais tamén, de mudalo contido e os acordos, expresos e/ou implícitos, que o sosteñen. Isto supón que o discurso posúe unha evidente dimensión social: resultado daquilo proxectado polos

actores (que achegan os conceptos e os significados parte dos discursos) a través dos *medios de comunicación*, cuxa participación na súa difusión dota de maior ou menor forza a uns ou a outros actores.

A este respecto, a complexidade das relacións sociais que concretan e/ou modifican os discursos dificulta a posibilidade de analízalos na súa totalidade. Sen embargo, o discurso non é unha realidade inaprensible: pódese analizar, por exemplo, o seu contido e, a través del, os eixes conceptuais sobre os que se constrúe o discurso e arredor dos cales se sitúan os actores para defendelo e/ou críticoalo. Así facendo, observaremos aquí: a) cal é o discurso (hexemónico); b) cal é ou cales son aquel(es) discurso(s) alternativo(s); c) a posición dos distintos grupos de actores respecto dos diferentes discursos; d) se hai ou non unha negociación entre eles para muda-lo estado de cousas discursivo e, por último; e) se confirmamos o anterior, concluiremos cales son as condicións da negociación.

O discurso que imos analizar é o referido á lexitimidade da política lingüística en canto política pública e farémolo desentrañando dúas dimensións discursivas: a principal ou profunda e a secundaria ou superficial. A dimensión principal abrangue a xeneralidade da política lingüística, considerando a súa lexitimidade de forma total. A secundaria considera a lexitimidade, dentro do marco xeral da política, dunha decisión concreta, parcial ou específica: neste caso é o da(s) forma(s) lingüística(s) que denominan a cidade da Coruña. A dimensión superficial é a máis visible, non obstante ser secundaria, pois oculta a dimensión profunda, ou principal. Na nosa intención está desentrañala principal, dende a análise da secundaria.

Ademais, consecuencia do discurso elixido, os actores implicados serán, fundamentalmente, as institucións públicas ou as organizacións políticas posuidoras da capacidade de decisión necesaria para muda-lo estado de cousas e, por tanto,

mudar tamén o contido e/ou as condicións que determinan a política lingüística en canto política pública e, logo tamén, o discurso hexemónico.

No desenvolvemento desta dialéctica discursiva eliximos o seu último momento¹: un tempo que vai dende o 25 de outubro de 2004, data na que o alcalde Vázquez anuncia a proposta municipal socialista de aprobar no seguinte pleno a cooficialidade (coa base legal da Lei de Grandes Cidades), até o 15 de setembro de 2005, cando a sentenza do xulgado do contencioso-administrativo número 3 da Coruña anulou o antedito acordo.

Ao final do noso traballo esperamos ver cal é o discurso hexemónico, por que segue a ocupar esa posición, cales son os discursos que ameazan a súa hexemonía e cales son os motivos polos que poderíamos concluir que a súa é unha posición hexemónica delicada: dependente de condicións de oportunidade política.

SOBRE A INVESTIGACIÓN

Marco teórico

Para analizarmos un discurso existen distintos enfoques. Aquí elixímo-lo da Análise Crítica do Discurso (ACD) e introducímolo dentro do marco teórico proposto por Ernest Laclau e Chantal Mouffe (2004). Isto implica que realizaremos unha análise a dous niveis. Por un lado, observaremos as posicións políticas nas que, con respecto a un tema, se sitúan os distintos actores: estas posicións diránno-los actores que se sitúan do lado do discurso hexemónico, consolidándose, e os que se sitúan do lado dalgún outro discurso (alternativo), buscando substituí-lo discurso hexemónico por outro distinto (que pode ser este discurso alternativo ou ben calquera outro) mediante a súa dislocación. Por outra banda, e unha vez establecidos os discursos hexemónico e alternativo, así como a posición dos actores (visión macro), descenderemos ao segundo nivel de análise: no que

verémoslos significantes e os significados usados nos discursos e, por conseguinte, comprobaremos os matices da posición de cada actor individual (visión micro).

Non obstante, antes de continuar, imos explicar, brevemente e de forma sucinta, a proposta teórica gramsciana que Laclau e Mouffe trazan na súa obra *Hegemonía y estrategia socialista*, sobre a que imos traballar. Facémolo para operacionalizalos conceptos que eles usan, de forma que podan ser comprensibles, comparables e, xa que logo, criticables.

Comecemos por dicir que Laclau e Mouffe asentan a súa teoría sobre a necesidade de politiza-la sociedade e preparala para afrontar, con garantías, o conflito que o necesario debate democrático suscita. A súa proposta dunha democracia radical, polo tanto, busca que a esquerda afonde e expanda a ideoloxía liberal democrática “na dirección dunha democracia radicalizada e plural” (2004:222) pois para eles “a demanda de igualdade non é suficiente, senón que debe balancearse pola demanda de liberdade” (2004:230).

Así, consideran a ideoloxía como unha entidade material, logo continxente e maleable, lexitimada e producida dende o exercicio dunha hexemonía. Unha hexemonía exercida a través da coalición de distintos grupos de actores e, por tanto, construída de forma social; tanto é así que se define a hexemonía como “un tipo de relación política”² (2004:183). Nun grupo social calquera, entón, esta hexemonía é o seu centro político: representa a forma de ve-las cousas e de analiza-la realidade dese grupo. Sen embargo, en canto forma hexemónica, non é única: canda ela hai outras realidades, outros discursos. Feito este que ten, en si mesmo, varias importantes implicacións.

A primeira delas é que a realidade é discursiva e, por tanto, lingüística: materialízase a través dos significados que determinan esa(s) forma(s) de ve-la realidade. A segunda é que cada discurso afirma

unhas cousas e, igual tamén, nega outras, creando así unha dobre *lóxica discursiva*: a *da diferenza* (arredor de significantes iguais, existen significados diferentes) e a *do antagonismo* (aquela pola que a afirmación dunha realidade é, á súa vez, a negación doutra). Unha terceira implicación é a que, en relación a un discurso concreto, un actor ou grupo de actores posúe unha *posición* determinada, un lugar dende o cal observar e analiza-la realidade. E a cuarta, e máis importante para podermos continuar, é aquela pola que en canto os actores loitan entre si por impoñeren unha realidade que é, en definitiva, un discurso (hexemónico/antagónico), a realidade é articulable discursivamente. Por iso, para Laclau e Mouffe un discurso é “a totalidade estruturada resultante de práctica articuladora” (2004:143).

Realizarmos a análise dun discurso político é para estes autores, xa que logo, equivalente a analiza-lo proceso de articulación e os elementos que conforman o discurso nun momento dado. Un dos elementos máis importantes, e que imos analizar aquí, son os *puntos nodais*: que son os significantes privilexiados ou puntos de referencia dun discurso que serven para estrutura-los diferentes elementos dun discurso nun orde de articulación determinado. A clave para constituír un punto nodal é crear o que Laclau denomina o *significante baleiro* e que é o tipo de significante que todo discurso necesita para logra-la súa hexemonía simbólica de forma máis ou menos consistente nunha sociedade. É o tipo de significado que se utiliza para suturar de forma continxente o (im)posible peche de todo discurso hexemónico. Por último, témo-la *lóxica do discurso*: que é, entre a *da diferenza* e a *do antagonismo*, aquela que realiza as asociacións consolidantes do discurso concreto.

Metodoloxía

Dentro do flexible abano de formas metodolóxicas entre as que podemos es-

coller para aplica-lo enfoque ACD, seguiremos aquí a proposta por Wodak e Meyer (2003:40). Así facendo, poderemos acceder ós “niveis e ás propiedades estruturais do discurso e ó contexto [que] poden codificar-las ideoloxías dos usuarios da linguaxe en tanto membros dun grupo” (Van Dijk; 2000a: 63).

Para a recollida e a escolma das manifestacións e as opinións vertidas polos diferentes actores botamos man da prensa escrita galega e, en concreto, de catro medios que son, pensamos, representativos dos distintos discursos. Estes xornais son: La Voz de Galicia (que representaremos polas siglas LVG), La Opinión de A Coruña (LO), El Ideal Gallego (EIG) e A Nosa Terra (ANT). Aínda así, non esquecémolas limitacións que a literatura científica lles confire (Van Dijk, 1997; Sartori, 2005), en canto posúen un enfoque propio que media na construción do discurso.

No tocante á reprodución dos fragmentos escollidos, eliximos mante-la lingua do orixinal –castelán na maior parte dos casos. Fixémolo coa intención de darlle ao lector a maior información posible tamén sobre as plataformas comunicativas elixidas. Por idéntico motivo destacamos en cursiva as palabras ou as expresións que aclarasen, da forma máis gráfica posible, os contidos dos distintos discursos. Así, confirmamos que tódalas cursivas, salvo indicación en sentido contrario, son nosas.

Hipótese

A nosa hipótese principal dividímola, para facela máis operativa, en tres afirmacións. Primeira, o discurso hexemónico construíuse durante o proceso de negociación que transcorreu entre a redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG) en 1980 e a aprobación da Lei de Normalización Lingüística en 1983. Segunda, o discurso hexemónico defende un enfoque legalista polo que: toda política lingüística que se deseñe e implemente axustarase

estritamente ó marco legal consensuado durante este período; consecuencia disto, calquera política allea a esta lexislación esixe un novo proceso negociador. Terceiro, de existir un novo proceso de negociación, toda decisión debe tomarse de forma unánime polos actores implicados. Así, o discurso hexemónico susténtase na defensa do marco lexislativo vixente (dimensión principal), froito da unanimidade de tódolos actores, e a expansión deste marco lexislativo, así como da unanimidade subseguinte, a tódalas políticas derivadas del. En consecuencia, diante dos estudos que falan da existencia dun acordo “implícito” de “non xerar conflito” (Monteagudo e Bouzada; 2002:15), a confirmación da nosa hipótese conleva que esta ausencia de conflito é, simplemente, o efecto ou a consecuencia da elección dunha regra que eleva ó máximo a adopción de calquera decisión. Unha regra básica no mantemento dun discurso hexemónico fundamental: o EAG e a LNL son o teito baixo o que deben deseñarse tódalas políticas, calquera modificación disto esixe unha nova negociación e un resultado unánime.

Unha hipótese secundaria adherida a esta é aquela pola cal a gran magnitude do consenso e, polo tanto, o alto custo asumido para a toma de novas decisións, daría lugar a varias importantes consecuencias. Primeira, non existindo vontade por algún dos actores de cara a mudá-las vixentes regras do xogo, as únicas alternativas para o cambio céntranse ben na protesta ben no cambio de actores e, en consecuencia, na renegociación do consenso. Segunda, non sendo eficaz a protesta e, por tanto, validando como a estratexia máis eficaz aquela referida ó cambio dos actores, o mantemento do equilibrio entre eles é fundamental de cara a conserva-lo consenso.

Outra hipótese secundaria é que un caso como o que aquí tratamos é consecuencia dunha estratexia, por parte dun actor excluído da negociación inicial, de intervención sobre o equilibrio entre os

actores mantedores do consenso. O obxectivo último sería o de abri-la posibilidade de cambia-lo consenso sustentador do discurso hexemónico.

De confirmárense as nosas hipóteses, confirmaríamos tamén que, non existindo un cambio endógeno nos actores implicados que modifique en algo o consenso actual, a posición do nacionalismo político é clave. Noutras palabras, manténdose tódolos outros factores constantes, un cambio na situación do nacionalismo político modificaría, de forma significativa e con signo variable³, o consenso actualmente vixente en materia de política lingüística. Un feito que demostraría, en último termo, a fragilidade do consenso e, con el, do discurso hexemónico.

A CONSTRUCCIÓN DO DISCURSO HEXEMÓNICO

Antes de analizar un momento dun discurso, debemos introduci-lo marco contextual que nos explique cómo se construíu. Así, os antecedentes sitúannos no proceso de negociación do Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG) de 1981: texto sobre o que se asentaron as liñas principais tanto da lingua galega como do seu proceso de normalización. O EAG considera o galego, entón, como a "lingua propia de Galicia" (artigo 5.1) e fixa a "competencia exclusiva" da súa "promoción" no goberno autonómico (art. 27.20).

Engarzada no EAG apróbase, por unanimidade do Parlamento de Galicia, a Lei 1/1983 de Normalización Lingüística, texto que recoñece que "os topónimos terán como única forma oficial a galega" (art. 10). A este respecto, e na dimensión superficial do discurso, en 1984 o goberno central recoñece que a forma galega, A Coruña, se use para o ámbito local e a forma en castelán, La Coruña, para o ámbito provincial. Nese mesmo ano, o Decreto autonómico 146/1984 confirma que a denominación oficial da cidade é a galega,

A Coruña. O último avance lexislativo importante foi en 1998, nas Cortes Xerais, coa aprobación e a entrada en vigor da Lei 2/1998 pola que "A actual provincia de La Coruña denominarase oficialmente A Coruña, en concordancia co nome oficial de A Coruña que ten recoñecida a súa capitalidade".

A aparición dun discurso alternativo a este consenso, fixado a través da negociación do marco lexislativo e das políticas públicas que nel se engarzaban, comezou a agromar definitivamente no 1989, coincidindo coa chegada de Francisco Vázquez Vázquez á alcaldía da Coruña.

Mesmamente, no 1989 a institución municipal comeza a usar ámbalas formas, a galega e a castelán, como "oficiais"; provocando as primeiras friccións. Isto levará ó nacionalismo político, encarnado tanto no Bloque Nacionalista Galego (BNG) coma na Mesa pola Normalización Lingüística, a iniciar una batalla xudicial na defensa do marco legal vixente (e, xa que logo, do consenso do que foi produto). Esta batalla arrinca no 1992, cando A Mesa denuncia ó goberno coruñés polo incumprimento da lexislación. En 1994 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dita sentenza favorable ós demandantes e insta o Concello ao respecto da lexislación en materia de normalización lingüística. Ese mesmo ano recórrese, por parte do goberno coruñés, a sentenza ante o Tribunal Supremo e o alcalde, Francisco Vázquez, manifesta que espera recuperar no Supremo "lo que me quitó el Superior". No ínterim, como anotamos, prodúcese unha reforma lexislativa en 1998 que estende o uso da forma léxica galega tamén á provincia até que, por fin, en 2000, o Supremo acorda desestima-lo recurso do goberno municipal coruñés. O día despois a coñecerse o fallo, Francisco Vázquez anuncia a presentación dun recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional (TC). A batalla legal terminaría en outubro de 2002, co anuncio do TC da desestimación do recurso presentado.

Con respecto ao momento que aquí tratamos, o conflito volve aos tribunais cando a Consellaría de Xustiza, como veremos, presenta un recurso que anule o acordo municipal coruñés. Este recurso ten primeira resposta o 11 de abril de 2005 cando, a través dunha resolución cautelar, o titular do xulgado do contencioso-administrativo número 3 da Coruña. Fernando Fernández Leiceaga, suspende o acordo. No auto, con respecto a argumentación esgrimida no acordo municipal, di que “en aparencia inocuo e inocente e, en principio, non problemático”, di que non é tal se se suma á “cadea de enfrontamentos lingüísticos que provocou a intervención dos tribunais” (lembrando a longa carreira xudicial á que facemos referencia). Sinálase tamén que o acordo “presenta todos os indicios dun acto nulo de pleno dereito”. Analízase, igualmente, o conflito competencial entre concello e Xunta, fallando a favor desta última; dise a este respecto que, de non facelo así, as competencias da Xunta sufrirían unha forte incidencia negativa, “perpetuando, dada a evidente vontade do concello, o incumprimento dos seus acordos”.

Estes mesmos argumentos confirmanse na sentenza definitiva, feita pública en setembro deste ano, co novo goberno, de coalición socialista e nacionalista, xa no poder. Ademais, emprega duros termos para referirse tanto ao recurso municipal como, e de forma máis dura, á actitude do goberno coruñés: “nulo de pleno dereito”, “radical oposición do concello”, “realidade xurídica” imposta pola LNL 1/1983. O fallo chega mesmo a reprender ó goberno local: “reconduce o debate [o concello] e alega que non estamos propiamente ante un cambio de denominación, senón ante un acordo sobre o uso das versións do topónimo. Este intento de explicación non é de recibo”. Por último, respecto do debate sobre a titularidade competencial, o fallo especifica que “A reforma que realiza a lei 57/2003 non autoriza a reabrir o debate sobre a denominación do concello e moito

menos permite considerar que prive á Comunidade Autónoma de Galicia das súas competencias lingüísticas”.

Ou sexa, que a xustiza explica nesta sentenza os argumentos para a apertura deste novo momento dentro deste discurso e, ademais, péchao coa resolución xurídica do tema, Non en van especifica, na súa sentenza última, que os seus argumentos son xurídicos mentres os esgrimidos polos actores participantes son “máis propios do debate político”.

Noutra orde de cousas, cabe recordar que dende 1989 até 2005 o Partido Popular ostentou, por ininterrompida maioría absoluta, o goberno de Galicia. En todo este tempo a Lei 1/1983 permanece inalterada. Xunto disto, o 22 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aproba, novamente por unanimidade, e en obediencia co artigo 23^a da antedita lei, o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*: que recolle un conxunto de obxectivos e de medidas normalizadoras, entre outras, tamén na área da administración local.

O MOMENTO DO DISCURSO: O CONTEXTO DUNHA AMEAZA

O desenlace que explica a aparición deste momento discursivo e, xa que logo, a reactivación do discurso, é a entrada en vigor durante o 2004 da Lei das Grandes Cidades. Este texto, (no artigo 123 e), permite ó concellos adoptar acordos sobre a denominación dos seus contornos municipais. Así, a raíz da interpretación polo goberno municipal coruñés deste texto, o alcalde Francisco Vázquez fixo público o 25 de outubro de 2004 que, no vindeiro Pleno, a celebrar o 2 de novembro, se presentaría unha proposta de acordo para oficializar ámbalas formas, a galega e a castelán. Isto pon en dúbida, xa que logo, o consenso unánime causa do marco lexislativo actual.

Este rexurdimento do debate arredor da unanimidade do consenso indica que a

legalidade (e a ilegalidade) é o *punto nodal* e o *significante baleiro* sobre o cal se articularán os diferentes discursos. Faran desde distintas lóxicas discursivas e posicións pero sempre coas miras postas ben en reforzarse, no caso do hexemónico, ben a dislocar ó discurso dominante, no caso do discurso alternativo ou emerxente.

Non obstante, apoiarse exclusivamente na legalidade dunha situación *de facto* para lexitimala non é suficiente. Pois as leis en democracia, como é coñecido, manan dunha realidade social dende a que, teoricamente, se proxectan. O discurso sobre a configuración desta realidade social é, en consecuencia, o *síntoma* que servirá de ariete para disputar a hexemonía do discurso legalista. Os actores ós que fixemos referencia intentarán entón, segundo a súa propia posición discursiva, apropiarse dunha suposta "maioría social" para xustificar-la súa propia toma de posición.

O Partido Popular

O Partido Popular é un dos defensores tradicionais do discurso hexemónico da legalidade, a través de continuas chamadas ó consenso e á unanimidade dos actores. Sen embargo, neste momento concreto, e por causas de oportunidade política que xustificaremos aquí, o PP amosou unha actitude extraordinariamente dubitativa.

Así, ao anuncio realizado o 25 de outubro por Francisco Vázquez reaccíonase, inicialmente, con lasitude: "La Xunta *no impedirá* la cooficialidad de los topónimos A Coruña y La Coruña". Segundo o conselleiro de Educación, Celso Currás, a decisión "*no es competencia* de la Consellería"⁵. Non obstante, dous días máis tarde, o mesmo conselleiro manifesta que "A Coruña *no tiene otra forma con validez legal*"⁶ e anuncia que a súa Consellaría "*si fuese necesario*" "tomará las medidas que correspondan" porque "incumple la ley"⁷. O 2 de novembro, no mesmo pleno municipal, o portavoz do PP no consistorio,

Fernando Rodríguez Corcoba, era máis claro sobre a posición do seu partido: "Una cosa es lo que nos gusta, otra lo que deseamos, otra lo que es justo y otra lo que es legal. En el PP nos gustaría expresarnos con ambas denominaciones, *deseáramos* la cooficialidad y que fuese justa, pero hay *dudas* de que *sea legal*"⁸. A pesar diso, Rodríguez Corcoba amosou a súa "total identificación con la propuesta socialista"⁹. Nos días seguintes confirmárase a postura de respectar a legalidade en declaracións dos distintos conselleiros implicados (Educación, Xustiza e Presidencia) e do propio presidente Fraga Iribarne: "el recurso se va a hacer, pero se va a hacer en cumplimiento firme de la ley"¹⁰, "por obligación legal"¹¹.

Pasando un tempo, o conselleiro de Xustiza, Xesús Palmou, di que "la Xunta presentó un requerimiento al Ayuntamiento coruñés para que revoque la L", en cumprimento do "trámite que le corresponde". Ao mesmo tempo que "Rodríguez Corcoba anunció el pasado martes su intención de presentar una moción en el próximo Pleno (...) en el que se requerirá al Ayuntamiento que inste a la Xunta a modificar el artículo 10 de la Ley de Normalización Lingüística"¹². Esta intención de modifica-lo discurso hexemónico da legalidade modificouse claramente no PP entre o 28 e o 30 de decembro cando o conselleiro de Presidencia e o Presidente da Xunta, respectivamente, manifestaron a posibilidade de modifica-la Lei 1/1983 para "mejorar la convivencia armónica entre las lenguas" porque "todas las leyes son modificadas"¹³. Para facelo instouse aos socialistas para acepta-lo cambio porque "presentarla nosotros solos no tiene ningún sentido"¹⁴. "Por eso yo [Fraga] le dije al alcalde coruñés que si podía convencer a los suyos iría adelante la ley"¹⁵.

O recurso presentado pola Consellaría de Xustiza dá os seus primeiros froitos. O 12 de abril de 2005 cando o xulgado contencioso-administrativo número 3 da Coruña, por medio dun auto do seu xuíz titular,

Fernando Fernández Leiceaga, suspende cautelarmente o acordo plenario coruñés porque “presenta todos os indicios dun acto nulo de pleno dereito”. Ademais, o auto engade que o acordo plenario non se considera de forma illada “senón dentro do que é unha opción política, rebelde ao cumprimento das leis e das sentenzas”¹⁶.

Ante este auto o daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, nega que vaia cambia-la Lei de Normalización Lingüística. Fraga non cre que os socialistas apoiem a proposta no parlamento pois cre que os socialistas “están ligados al problema de eventuales pactos”¹⁷. Estas declaracións provocan a ira de Francisco Vázquez que acusa a Fraga de “imcumplir la palabra dada”. Protestas, á súa vez, contestadas polo conselleiro da presidencia, Xaime Pita Varela, que, retomando o discurso legalista di que “La Lei de Normalización Lingüística, como todas las demás, es de obligado cumplimiento para todos, por lo que no se pueden admitir excepciones unilaterales”. O mesmo Xaime Pita avalía as declaracións do rexedor coruñés como “para tratar de desviar la atención sobre los problemas reales que preocupan a los coruñeses”¹⁸.

A sentenza de anulación definitiva chega, non obstante, varios meses máis tarde, en concreto o 15 de setembro de 2005, co Partido Popular fóra xa do goberno de Galicia. Nesta conxuntura, o PP exprésase mediante o seu voceiro municipal, Fernando Rodríguez Corcoba, que insta ao alcalde a presentar unha iniciativa legislativa no Parlamento de Galicia para modifica-la LNL e conseguí-la “tan ansiada cooficialidad”¹⁹.

O Partido dos Socialistas Galegos - PSOE

No PSDG-PSOE tamén observamos unha posición dubidativa a respecto da iniciativa do goberno e o alcalde coruñés. En concreto, e se ben o alcalde Vázquez mostrou en repetidas ocasións a súa coherencia a respecto de recoñecer conforme a dereito

a cooficialidade, o secretario xeneral dos socialistas galegos e actual presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, si amosou unha posición máis incoherente.

Con respecto ao discurso hexemónico legalista, son escasas no tempo as veces que os socialistas se manifestaron nunha ou noutra postura. Neste momento, a primeira corresponde ó texto da moción na que se di que “La ley encomienda al Ayuntamiento la potestad de determinar la denominación de la ciudad”²⁰. Unha potestade que se aplica de forma coherente coa crenza de que a decisión “no es competencia de la Consellería”²¹. Nas mesmas ideas insiste o portavoz socialista no consistorio, Javier Losada: “El Ayuntamiento va a hacer uso de la Ley de Grandes Ciudades que establece que los gobiernos municipales *tienen la libertad* de poner el nombre a la ciudad” xa que “el conselleiro de Educación no tiene competencias en este tema”²². Noutra ocasión, Losada ampliou estes argumentos co obxectivo de “defender el derecho de los coruñeses a elegir el nombre de la ciudad”²³. Unha postura que referendou o secretario xeral dos socialistas galegos, Emilio Pérez Touriño, cualificándoa como de “libre y dentro del ordenamiento jurídico vigente”²⁴. Unha vontade á que deu o seu “pleno apoyo” porque “tienen [na Coruña] una tradición y que conviven *democráticamente* con los dos términos”²⁵.

A contradición entre ámbalas figuras do socialismo galego aparece, logo da unanimidade inicial, trala oferta do Partido Popular para modifica-lo discurso hexemónico do legalismo a través do cambio da Lei 1/1983: para a que o PP di posuír “un borrador”²⁶. Neste caso, e contra o antes dito, Pérez Touriño pediu “que no se arroje ninguna piedra en el estanque pacífico de la convivencia y la normalidad lingüística de Galicia, que nunca ha sido un elemento de confrontación ni de división entre los gallegos”. Engadindo que “sólo desde la *irresponsabilidad* se puede

emplear el idioma como arma arrojadiza y electoral"²⁷.

Ademais, o PP fixo públicas as súas conversas parlamentarias cos distintos grupos de cara á posible modificación da Lei nas que "los nacionalistas se manifestaron en contra y anunciaron ya su voto negativo". A resposta dos socialistas foi que "iso era un tema para despois das eleccións". "Por eso yo le dije [Fraga] al alcalde coruñés que si podía *convencer* a los suyos iría *adelante* la ley"²⁸.

Sen embargo, a casualidade quixo que antes de chegadas as eleccións, e o mesmo día que se coñece o auto do xulgado que suspende cautelarmente o acordo municipal coruñés²⁹, Francisco Vázquez faga público un suposto acordo seu co secretario xeral dos socialistas galegos, Emilio Pérez Touriño, para cambia-la Lei 1/1983. Este acordo, sen embargo, é desmentido por Pérez Touriño que declara que "tengo plena disposición a seguir garantizando y contribuyendo a que la ley y que la lengua sea tratada con mimo y con respeto, como un elemento de unidad"³⁰.

O día despois de publicado o desmentido de Pérez Touriño e a negativa da Xunta a cambia-la lei, o alcalde herculino reincide no seu compromiso de defende-lo acordo coruñés e manifesta que "A partir de agora todo el mundo sabe que quien se opone al uso del topónimo La Coruña e impone de manera unilateral un sólo concepto es la Xunta"³¹. Ademais, Francisco Vázquez tamén publica as conversas coa Xunta sobre a posición do seu grupo parlamentario: "Le dije a Pita que lo normal era que mi partido [PSdG-PSOE] se abstuviera"³² e "Me dijo [Fraga] que cambiarían la ley si el PSOE no votaba en contra. Y Touriño llamó a Palmou para decirle que no se iba a oponer al cambio de la ley. Pero tanto Palmou como Pita, que nos había dicho que iban a tramitar la ley de inmediato, dieron marcha atrás"³³. Días despois Francisco Vázquez anuncia que chegará ao Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos de

Estrasburgo co asunto³⁴. Máis tarde, co PSdG-PSOE ostentado o goberno da Xunta de Galicia, e coa sentenza de anulación definitiva, os socialistas coruñeses defenderon a legalidade do seu acordo a través de Javier Losada: "Este es un ayuntamiento que siempre se ajusta a la legalidad, que *siempre respeta la legalidad*"³⁵.

A día de hoxe, e pertencendo a este partido a titularidade da Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como a consellaría de Presidencia e as competencias en materia de xustiza e interior, non se teñen noticias de ningunha iniciativa cara a modificación da Lei 1/1983 de Normalización Lingüística.

O nacionalismo galego

Sobre a posición do nacionalismo confirmamos que este é o único actor que reivindica, inequivocamente e sen cambiar de posición, a validez do discurso hexemónico legalista. Tanto é así que podemos afirmar que o nacionalismo bota man da *lóxica antagonista* para aplicala ao discurso alternativo do alcalde Vázquez. Négao, ademais, dende dous puntos de vista: o máis estritamente político-ideolóxico, a través do BNG como referente, e o máis próximo ao asociacionismo colectivo, mediante A Mesa pola Normalización Lingüística.

Acolleremos ámbalas perspectivas de forma indistinta pois, para nós, están intimamente conectadas.

Así, o nacionalismo aplica unha argumentación que xira arredor de tres eixes, que son: a) "a lexislación vixente indica que a denominación dos Concellos é unha competencia autonómica e non local"³⁶; b) "*non* actúa como un *demócrata*, porque *non cumpre as leis* e porque se burla dos tribunais de xustiza"³⁷ ou "non existe maior fundamentalismo que dinamitar a legalidade que nos obriga a todos"³⁸ ou aínda "¿Por qué hai cidadáns como Vázquez que poden face-lo que queren e outros que temos que acata-la lexisla-

ción?"³⁹; e c) "Este debate non responde a ningunha preocupación social nin a ningunha ideoloxía, porque vostede [a Vázquez] non ten outra que non sexan os seus propios intereses"⁴⁰

Como se pode comprobar, a *lóxica do antagonismo* dende a que articula o seu discurso busca demostrar que a lexislación sitúa a Francisco Vázquez, e por extensión aos socialistas, fóra da legalidade (legalidade vs. ilegalidade). Unha vez creada a asociación dos socialistas coa ilegalidade, establécese, a outro nivel, unha nova asociación: aquela pola que toda actitude contraria á lexislación corresponde a actitudes non democráticas e/ou fundamentalistas. A proposta de rompe-lo consenso hexemónico vincúlase logo a un interese concreto e particular que non representa á maioría de cidadáns: contra cuxos dereitos, protexidos pola lei, atenta.

A intencionalidade disto é, entón, a de articular unha relación positiva entre a lei, a democracia e a sociedade que deixe fóra a iniciativa dos socialistas coruñeses. Por outra banda, e cunha *lóxica* antagonista (baseada na asociación a partir de conceptos opostos), establécese unha relación entre a ilegalidade e a intolerancia. Proba disto son as palabras e as expresións seguintes: "actitude delitiva e reincidente"⁴¹, "ilegal nova demostración de intolerancia"⁴², "non é posible acatar unhas leis e non facelo con outras, e quen o fai demostra a súa máis profunda falta de respecto polas normas máis elementais de convivencia"⁴³, "fraude de lei"⁴⁴, "respecta-la legalidade que nos demos"⁴⁵, "o máis escrupuloso respecto pola lei das Cortes Xerais de 1998"⁴⁶ ou "isto é un acto de delincuencia"⁴⁷.

Finalmente, facemos unha interpretación siloxística da articulación deste discurso dicindo que se a lei é xustiza (democracia, tolerancia, dereitos, igualdade, etc.) e a iniciativa non respecta a lei, a proposta socialista non é xusta e, polo tanto, tampouco democrática nin tolerante. Un ra-

zoamento que pecha arredor do consenso lexislativo do discurso hexemónico un conxunto de valores positivos. Uns valores positivos que se opoñen, á súa vez, a outro conxunto de valores, desta vez negativos, asociados á proposta socialista.

É evidente entón que, non sendo pola existencia dun alto custo na toma de decisións (a unanimidade) como factor explicativo fundamental, a existencia do discurso do nacionalismo galego non explica *per se* a hexemonía do discurso legalista. Isto comprobámolo, por exemplo, no feito de que dende as primeiras manifestacións do alcalde Vázquez, o 25 de outubro, e en cuestión de pouco máis de dous meses, unha maioría política (PP e PSDG-PSOE) manifestou a súa vontade favorable a muda-lo actual estado das cousas e, en consecuencia, a cambia-la súa posición habitual.

Sendo así, cabe preguntarse ¿existe entón un discurso hexemónico?, ¿podemos cualificar unha situación coma esta de dominación dun discurso sobre outro? O estimulante punto ao que chegamos debe culminar coa análise do discurso que articulou o alcalde Vázquez neste tempo e, da posterior comparación entre o hexemónico e o alternativo, responder a unha cuestión crucial: se realmente se produciu unha crise no discurso hexemónico que ameazou o seu dominio ¿cales factores foron os produtores?, ¿que atraeu tanto a PP e a PSOE como para estar dispostos a cambia-lo consenso instituído?, ¿cales son as posibilidades de que se produzan novas crises? Isto verémolo a seguir.

OS LÍMITES DO CONSENSO

Para ilustrar o discurso alternativo comecemos reproducindo algunhas das pasaxes máis significativas que, recollidas pola prensa, coñecemos do texto da iniciativa socialista presentada ao Pleno municipal o 2 de novembro de 2004: "La convivencia de gallego y castellano siempre se

ha desarrollado en La Coruña sin traumas sociales. Vivimos en una comunidad en la que el bilingüismo no es solo social, sino que es real (...). Pretender *exclusiones, imponer regulaciones o establecer protecciones* normativas puede resultar *ridículo*, además de *inútil*". "Los excesos autoritarios de quienes intentan imponer una u otra lengua, compartiendo paradójicamente los mismos argumentos y practicando la misma *intolerancia y exclusión* de las que acusan a quien, no compartiendo sus criterios, dan primacía a otra lengua (...). La presente propuesta busca defender el *libre uso* del gallego y del castellano con la misma pasión y el mismo amor hacia los dos idiomas"⁴⁸.

Moitas das palabras, expresións e ideas aquí contidas repetiranse ao longo da exposición do discurso alternativo ou emerxente que defende e/o representa: defende que "nuestros jóvenes abran sus mentes desde la más tierna edad a la *pluralidad* idiomática" porque "la verdadera normalización de la situación lingüística consiste en admitir como normal la situación que se ha dado siempre"⁴⁹. Así facendo, "se logra que todos los ciudadanos se sientan representados e identificados en el sentido más amplio". Ademais, iguala a "aquel que intentaba *imponer el uso* del gallego, con quien intenta *limitar y excluir* la lengua castellana"⁵⁰.

Para non estendernos con este tema veremos, de forma breve, outros exemplos de expresións ou xiros lingüísticos que utilizou o alcalde coruñés, en distintos tempos, sobre este tema: "los ciudadanos podrán emplear las dos acepciones, 'conjunta o indistintamente, sin ninguna cortapisa'"⁵¹; "No se trata de modificar ni de sustituir, sino de añadir una forma de designar a la ciudad que, de hecho, ya es real, porque responde a un *sentimiento* de la sociedad y a una realidad histórica"⁵²; "No puede haber limitación del derecho que todo ciudadano tiene de hablar en la lengua que le dé la gana"⁵³; "Nadie en su sano juicio intentará prohibir o limitar el uso de un

nombre que se utiliza desde hace siglos"; "Sólo hemos añadido la denominación castellana a la gallega que ya existía. No hay afán de polémica, imposición y exclusión"; "Si la Xunta de Galicia interviene será un gran error, porque se equiparará a aquellos que desde la imposición y el sectarismo y el fundamentalismo excluyente propio de los nacionalismos lo que hace es rechazar o prohibir todo lo que esté relacionado con la idea de España"; "lo hemos hecho en aras al propio servicio público y atendiendo a las demandas de los ciudadanos coruñeses"⁵⁴.

Dentro da opción socialista as manifestacións foron polo mesmo camiño. Tanto o portavoz municipal, Javier Losada, como o secretario xeral dos socialistas galegos, Emilio Pérez Touriño, repetiron as mesmas ideas expostas por Vázquez. Losada di que "los gobiernos municipales tienen la libertad de poner el nombre de su ciudad"⁵⁵ ou que se trata de "defender el derecho de los coruñeses a elegir el nombre de la ciudad"⁵⁶, fala dunha "realidad social e histórica de nuestra ciudad". Touriño foi, nun primeiro momento –pois, como vimos, cambiou de opinión un tempo despois– polo mesmo camiño: "La decisión que tomó el Ayuntamiento de A Coruña es respetable y obedece a la tradición de la ciudad y a la mayoría política" ou "no son buenos los fundamentalismos y sobran en Galicia" ou "En Coruña existe una tradición de convivencia entre la utilización del gallego y del castellano"⁵⁷. Mesmo aplicou o cualificativo de "fundamentalistas" a aqueles que "no quieren La Coruña"⁵⁸.

Estas e outras palabras coinciden tamén co bando dos populares cando falan de "convivencia armónica"⁵⁹. Mesmo cando se reivindica o "respetar también la opinión de la *mayoría* de los ciudadanos"⁶⁰ ou unha "*voluntad* ciudadana" ou unha "*realidad* social e histórica". Con todo, tamén se recoñece que a cidadanía está "dividida" ou que estamos ante un tema "complejo"⁶¹. O mesmo conselleiro de Presidencia, Xaime Pita Varela, dixo

que “somos generosos y no talibanes o fanáticos”⁶², referíndose a aqueles que só queren a opción en galego (se ben destaca, como vimos, o incumprimento da lexislación por parte do alcalde herculino).

En definitiva, a construción deste discurso alternativo por parte do alcalde Vázquez pretende romper-lo discurso hexemónico relacionándoo con prácticas que recortan dereitos e limitan liberdades. A relación coa medida levada adiante polo consistorio coruñés faise positivamente ao “añadir” ou ao “reconocer”, mentres se relacionan negativamente as posturas contrarias co “imponer”, “restringir”, ou “limitar”. A partir desta asociación negativa descéndese a un segundo nivel discursivo onde se accede a outras realidades, proxectadas negativamente: “nacionalismos”, “fundamentalismos” ou “talibanes”.

Concluimos logo que este discurso alternativo se articula en dous niveis. No primeiro establécense, de forma complexa, dúas afirmacións de signo contrario. A positiva vincula a iniciativa socialista coa tolerancia, co feito de “permitir” o uso de dúas formas. A negativa fala de non “restringir” esta opción. Unha vez situada, por tanto, a lóxica argumental pola cal o eixe do discurso é o da oposición de tolerancia vs. intolerancia (*lóxica do antagonismo*), descéndese a un segundo nivel. Neste segundo, denomínanse como intolerantes a todos aqueles que non apoian este discurso, reforzando esta mensaxe con significantes como “fundamentalismos” ou “talibanes”.

É entón neste segundo nivel onde se aplica a *lóxica da diferenza*. Pois úsanse termos iguais ou similares aos do discurso hexemónico para articular este discurso alternativo fronte a legalidade vixente. Este é logo o mecanismo polo que se busca dislocar-lo discurso hexemónico: desligando do imaxinario colectivo a relación de legalidade-democracia-xustiza e substituíndoa por unha nova: a de liberdade-tolerancia.

Unha asociación que busca vincularse cunha “mayoría social”, cunha “realidad”, cunha “tradición” e cunha “normalidad”.

¿Como reacciona a isto o nacionalismo? A primeira manifestación que, neste sentido, manifesta un portavoz nacionalista cualifica a proposta dunha “vulneración dos principios de convivencia sinalados na Constitución e no Estatuto”⁶³. Pero sería máis claro aínda nos días seguintes, cando dixese, en resposta aos argumentos antes apuntados, que a negativa á proposta “está respaldada pola sociedade galega e por entidades de prestixio, como a Real Academia Galega” ou en que existe “un *sentimiento maioritario* da cidadanía galega que demanda tamén respecto para a nosa identidade cultural”⁶⁴. Nunha comparecencia ante os medios A Mesa presentou unha enquisa propia con algún dato concreto, por primeira e única vez, sobre a “maioría” que todos reivindican: “La mayoría de los ciudadanos prefieren el topónimo A Coruña, sobre todo entre los menores de 30, un sector en el que el 75% se queda con el nombre en gallego”⁶⁵. Nunha carta do daquela deputado en Cortes, Carlos Aymerich, ao semanario A Nosa Terra dicía tamén que “o propio presidente da Xunta xustificou a actitude do alcalde de A Coruña co socorrido recurso á socioloxía e a unha –suposta e nunca comprobada– vontade maioritaria da poboación coruñesa”⁶⁶.

En definitiva, o nacionalismo galego usou exactamente a mesma liña argumental para reivindicar cara a si os argumentos que sobre unha sempre suposta, e nunca demostrada, maioría social existen en ámbolos discursos: tanto no hexemónico como no alternativo. Esta *lóxica da diferenza* busca manter unha hexemonía do discurso legalista e reforza-los argumentos xa vistos ao respecto. Sen embargo, segue chamando a atención o feito de que, existindo un núcleo de actores maior sostenedores do discurso alternativo, non se producise cambio algún. Pode tamén resultar significativo que nos ríos de tinta

que este momento discursivo trouxo até hoxe, poucas veces se lle deu voz á cidadanía e, aínda así (pois o tipo de enquisas realizadas nunca foron representativas e sempre están mediadas⁶⁷) non existe a día de hoxe dato algún que cuantifique a relevancia e a significación social dun tema tan recorrente como este.

A resposta á pregunta de se existe logo un discurso hexemónico debe ser, evidentemente, que si. Pois aínda que existe un respaldo implícito ao discurso alternativo, este conseguiu manter estático o unánime consenso inicial: responsable da legalización e da lexitimación do actual estado de cousas. Interesante resulta pois preguntarse: se a súa hexemonía é tan feble, ¿baixo que premisas mantén esta hexemonía? A resposta a isto está, segundo a nosa interpretación, nun tema que de forma sucinta aparece ao longo de todo o aquí exposto e que cremos vital para entender a política lingüística en Galicia: o implícito acordo entre tódolos actores por adoptar a unanimidade como requisito non só para a decisión, máis tamén para o debate e a negociación. Un acordo que causa o estatismo do estado de cousas, que provoca os avances lentos no campo da normalización lingüística e que explica a busca dunha ausencia de conflito que non é causa de nada, mais si consecuencia.

Como proba máis relevante está o feito de que, ante o evidente cambio de posición que os partidos non nacionalistas comezaron a tomar, dende o nacionalismo se fixeron manifestacións inéditas: “fue aprobada en su momento por la unanimidad de todas las fuerzas políticas del Parlamento gallego”⁶⁸ [a Lei 1/1983 de Normalización Lingüística], “Fraga pretende romper el consenso”⁶⁹ ou “Fraga pretende liarla y pasarle la patata caliente al PSOE, que si acepta [o cambio da lei 1/1983] deterioraría de forma gravísima las relaciones con el BNG”⁷⁰. Manifestacións que deben chamar a atención máxime cando o alcalde coruñés é o principal promotor do discurso alternativo e o secretario xeral dos socia-

listas, hoxe presidente da Xunta, lle deu a este o seu “pleno apoio” á iniciativa.

CONCLUSIÓNS

Chegados ó final cremos confirmadas tódalas nosas hipóteses: a) a existencia dun discurso hexemónico asentado sobre a vixencia do consenso sobre o marco lexislativo vixente; b) a existencia dun discurso alternativo, promovido por un actor excluído do proceso de negociación previo, que pretende modifica-lo consenso cun proceso dislocador centrado en desequilibrar as forzas dos actores negociadores atacando ó nacionalismo; c) o criterio da *regra da unanimidade* serve de peche do consenso arredor do marco lexislativo vixente; d) os actores negocian entre eles sobre o eixe da regra da unanimidade apostando dende distintas posicións discursivas e cara a distintas estratexias políticas.

Confirman isto, por exemplo, e con respecto á dimensión profunda ou principal, o feito de que, ata o momento, tódolos acordos relevantes en materia de política lingüística se acordaron sempre por unanimidade. En relación á dimensión superficial ou secundaria, aplicada ó momento que analizamos, resulta chamativo que o consenso inicial que amosaron a tódolos niveis (dende o local ó galego) o Partido Popular e o PSdG-PSOE de cara a muda-lo estado de cousas (ou sexa, de cambia-la Lei de Normalización Lingüística) quedase truncado en canto o PP fixo a oferta dun acordo parlamentario aos socialistas. A ruptura da unanimidade fixo repensa-la súa posición ó secretario xeral dos socialistas galegos, Emilio Pérez Touriño: rompendo a unidade de posición entre o nivel galego e o local coruñés e, por tanto, volviendo deixar fóra ao discurso alternativo.

Neste último caso, ademais, podemos dicir que tanto o PP como o PSdG-PSOE como o BNG xogaban a súa posición estratéxica diante dunha cita electoral próxima. Así nolo certifican as declaracións de socia-

listas e nacionalistas cando reivindicaron, dende ámbolos partidos, a necesidade de manter unha unidade clara sobre este tema de cara a un futuro hipotético acordo de goberno entre ámbalas formacións. En consecuencia, a *regra da unanimidade* volveu se-lo eixe sobre o cal xirou a elección racional dos actores á hora de tomar unha decisión sobre a conveniencia e a necesidade de muda-lo pasado estado de cousas.

Actualmente, as Bases programáticas aprobadas entre socialistas e nacionalistas para o seu goberno de coalición recollen, explicitamente, xunto co compromiso de implementar unha política “que recupere falantes da lingua do país e que estenda o seu uso normal na sociedade”, que: “O goberno galego (...) promoverá o seu uso normal nos servizos e dependencias da Administración autónoma e das Administracións locais”. Un punto que parece pechar, polo de agora, a porta a calquera posible movemento de cara a muda-lo estado de cousas.

Finalmente, as implicacións de todo isto é que o discurso hexemónico éo nunha condición moi precaria, en canto depende do mantemento dos actores actuais, así como do seu equilibrio nas condicións nas que se atopan, de cara a poder seguir mantendo a súa hexemonía. Un síntoma de debilidade que resta por analizar en cómo afecta ao deseño e á implementación das políticas lingüísticas, así como ao seu obxectivo final: o facer do idioma galego unha lingua de uso cotián e normal na sociedade galega.

BIBLIOGRAFÍA

- GRAÑA NÚÑEZ, Venancio (comp.). (2002), *Lexislación da lingua galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- LACLAU, Ernest e MOUFFE, Chantal. (2004), *Hegemonía y estrategia socialista: hacia una radicalización de la democracia*. Buenos Aires. Fondo de Cultura Económica
- MONTEAGUDO ROMERO, Henrique e BOUZADA, X.M. (coord.). (2002), *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Política lingüística: análise e perspectivas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- MORENO del RÍO, Carmelo. (2000), “Democracia, Constitución y Nacionalismo en Euskadi: tres discursos circulares para negar la existencia de una comunidad política”, en *Revista Española de Ciencia Política*, vol. 3, pp. 125-148.
- MORENO del RÍO, Carmelo. (2004), *Utilización de la técnica de Análisis del discurso en la Ciencia Política: comparación de las perspectivas y enfoques*, inédito.
- MOUFFE, Chantal. (1999), *El retorno de lo político. Comunidad, ciudadanía, pluralismo, democracia radical*, Barcelona, Paidós.
- SARTORI, Giovanni. (2005), *Homo videns. La sociedad teledirigida*, Madrid, Punto de lectura.
- VAN DIJK, Teun A. (1997), *Racismo y análisis crítico de los medios*, Barcelona, Paidós Comunicación.
- VAN DIJK, Teun A (comp.). (2000 a), *El discurso como interacción social. Estudios sobre el discurso II. Una introducción multidisciplinaria*, Barcelona, Gedisa.
- VAN DIJK, Teun A. (2000 b), *Racismo y discurso de las élites*, Barcelona, Gedisa.
- VAN DIJK, Teun A. (2000 c), “Discurso, poder e acceso”, in *A Trabe de Ouro*, nº 49, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
- VAN DIJK, Teun A. (2003), *Ideología y discurso*, Barcelona, Ariel.
- VV.AA. (2005), *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- WODAK, Ruth e MEYER, Michael (comp.). (2003), *Métodos de análisis crítico del discurso*, Barcelona, Gedisa.

NOTAS

1. Definimos o momento como o espazo de tempo no que, por circunstancias varias, o dis-

curso se reactiva e volve aparecer nos medios e ser motivo de discusión na opinión pública.

3. Mantense a cursiva orixinal do texto.

3. Como esperamos comprobar, o nacionalismo político ocupa unha posición clave: o seu reforzamento pode dar maior profundidade ás políticas lingüísticas, mentres que un retroceso abriría paso a un discurso alternativo que, verémolo tamén, conta cunha ampla maioría (se non unánime) ao seu favor.

4. O artigo 23 textualmente di que “El Gobierno Gallego establecerá un Plan destinado a resaltar la importancia de la lengua como patrimonio histórico de la comunidad y a poner de manifiesto la responsabilidad y los deberes que ésta tiene para con su conservación, protección y transmisión”.

5. La Voz de Galicia (LVG), 28 de outubro de 2004, páx. 10.

6. LVG, 30 de outubro, páx. 13.

7. La Opinión de A Coruña (LO), 30 de outubro de 2004, páx. 5.

8. LO, 3 de novembro de 2004, páx. 3.

9. El Ideal Gallego (EIG), 3 de novembro de 2005, páx. 3.

10. EIG, 5 de novembro de 2004, páx. 5.

11. LO, 5 de novembro de 2004, páx. 9.

12. LVG, 16 de decembro de 2004, páx. 12.

13. EIG, 28 de decembro, páx. 28 y LO, 28 de decembro de 2004, páx. 5.

14. LO, 30 de decembro de 2004, páx. 8.

15. EIG, 30 de decembro, páx. 7.

16. LVG, 13 de abril de 2005, páx. 12.

17. EIG, 15 de abril de 2005, páx. 9.

18. EIG, 16 de abril de 2005, páx. 10.

19. LO, 17 de setembro de 2005, páx. 3.

20. Extracto da moción socialista presentada e aprobada o 2 de novembro de 2004 no pleno municipal coruñés. LO, 28 de outubro de 2004, páx. 5.

21. LVG, 28 de outubro, páx. 10

22. EIG, 2 de novembro de 2004, páx. 5

23. EIG, 3 de novembro, páx. 3

24. EIG, 4 de novembro de 2004, páx. 5. A Nosa Terra (ANT), 11 de novembro de 2004, páx. 12.

25. LO, 6 de novembro, páx. 13.

26. EIG, LO, LVG de 30 de decembro de 2004. Páx. 7, 8 e 10, respectivamente.

27. Vid. n 20.

28. LO, 30 de decembro de 2004, páx. 8

29. O auto chega aos teletipos o luns 11 de abril de 2005.

30. LO, 13 de abril de 2005, páx. 7.

31. EIG, 16 de abril de 2005, páx. 10.

32. LO, 16 de abril de 2005, páx. 3.

33. LVG, 16 de abril de 2005, páx. 16.

34. EIG, 19 de abril de 2005, páx. 9.

35. LO, 17 de setembro de 2005, páx. 3.

36. EIG, 27 de outubro de 2004, páx. 3.

37. EIG, 28 de outubro de 2004, páx. 5. LO, 28 de outubro, páx. 5.

38. EIG, 5 de novembro de 2004, páx. 5.

39. LO, 28 de novembro de 2004, páx. 5.

40. LVG, 3 de novembro de 2004, páx. 10

41. EIG, 27 de outubro de 2004, páx. 3

42. LO, 28 de outubro de 2004, páx. 5.

43. LO, 29 de outubro, páx. 3.

44. LO, 3 de novembro, páx. 4. EIG, 4 de novembro, páx. 5. ANT, 11 de novembro, páx. 11. ANT, 25 de novembro, páx. 19.

45. EIG, 5 de novembro, páx. 5.

46. EIG, 6 de novembro, páx. 6. A lei da que fai referencia é á que nos referimos anteriormente (vid. supra).

47. EIG, 28 de novembro, páx. 4.

48. LVG, 27 de outubro de 2004, páx. 10

49. LVG, 26 de outubro de 2004, páx. 2.

50. EIG, 26 de outubro de 2004.

51. Vid. anterior.

52. LVG, 3 de novembro de 2004, páx. 10; LO, 3 de novembro, páx. 3

53. EIG, 6 de novembro de 2004, páx. 6.

54. LO, 6 de novembro de 2004, páx. 13.

55. EIG, 2 de novembro, páx. 4

56. EIG, 3 de novembro, páx. 3

57. EIG, 6 de novembro, páx. 6. LO, 6 de novembro, páx. 13

58. ANT, 11 de novembro de 2004. Páxs. 1 y 12.

59. EIG, 28 de decembro de 2004, páx. 28.

60. EIG, 5 de novembro, páx. 5. LO, 5 de novembro, páx. 9.

61. Vid. n 40.

62. Vid. n 39.

63. LO, 28 de outubro de 2004, páx. 5

64. EIG, 5 de novembro de 2004, páx. 5.

65. LO, 28 de novembro de 2004, páx. 5.

66. ANT, 9 de decembro de 2004, páx. 10

67. A este respecto resulta moi recomendable, máxime en relación coa construción do discurso dos medios de comunicación, a lectura de: SARTORI, Giovanni. (2005), *Homo videns. La sociedad teledirigida*. Madrid. Punto de lectura.

68. LVG, 16 de decembro de 2004, páx. 12.

69. EIG, 30 de decembro de 2004, páx. 7.

70. LVG, 30 de decembro de 2004, páx. 10